



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

**IES DE CATABOIS**

NIF: Q6555339H - TF: 881930233 - FAX: 881930241

Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL

e-mail: [ies.catabois@edu.xunta.es](mailto:ies.catabois@edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.gal/iesdecatabois>



**DOC. 5**

**XUNTA ELECTORAL DO IES DE CATABOIS  
CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS  
PAIS/NAIS/REPRESENTANTES LEGAIS, DO PROFESORADO E DO ALUMNADO DO  
PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS, NO CONSELLO ESCOLAR**

Dna. M<sup>a</sup> Teresa Gómez Cheda, directora deste centro e Presidenta da Xunta Electoral do mesmo, fai pública a convocatoria de eleccións dos representantes de pais/nais/representantes legais, do alumnado, do persoal de administración e servizos e do profesorado no Consello Escolar, de acordo coas instrucións recollidas na Resolución de convocatoria destas eleccións: *Resolución de 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.*

1.- As votacións celebraranse neste centro nas datas, horas e locais seguintes:

- Persoal de administración e servizos: 13:05 a 13:25 (Corredor central planta baixa)
- Alumnado: 13:25 a 15:05 (Corredor central planta baixa)
- Pais/nais/representantes legais: 16:30 a 18:00 (Biblioteca do centro)

**ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DE PAIS/NAIS/REPRESENTANTES LEGAIS:**

DATA: MARTES, 23 DE NOVIEMBRO

HORA: das 16:30 ás 18:00 horas.

LOCAL: Biblioteca do centro

**ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ALUMNADO:**

DATA: MARTES, 23 DE NOVIEMBRO

HORA: das 13:25 ás 15:05 horas.

LOCAL: Corredor central planta baixa

**ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:**

DATA: MARTES, 23 DE NOVIEMBRO

HORA: das 13:05 ás 13:25 horas.

LOCAL: Corredor central planta baixa

**ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO:** en sesión de claustro extraordinario con data que será fixada no claustro previo informativo.



2.- O voto será directo, secreto e non delegable. Son electores e elixibles, no sector do profesorado todos os membros do claustro; no sector do persoal de administración e servizos, todo o persoal que realiza no centro funcións desta natureza; no sector do alumnado, todos/as os/as alumnos/as matriculados/as no centro no curso 2021/22; e, no sector de pais/nais/titores legais, todos/as os/as pais/nais/representantes legais do alumnado matriculado no centro no curso 2021/22.

3.- As candidaturas presentaranse por escrito á Xunta Electoral, a través da Secretaría do centro, entre os días 3 e 15 de novembro (ata as 12:20), ambos inclusive, e as reclamacións contra as mesmas presentaranse ata o 17 de novembro ás 12:20 horas. A Xunta Electoral proclamará a lista definitiva de candidatos/as o 17 de novembro e procederá a publicalas no taboleiro de anuncios do edificio administrativo do centro.

3.- Os censos electorais expóranse a partir do día 3 de novembro no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao mesmo poderán presentarse, por escrito, dirixidas ao Sr./Sra. Presidente/a da Xunta Electoral, ata o día 12 de novembro ás 10:20 horas. A Xunta Electoral publicará, no taboleiro de anuncios, as resolucións ás reclamacións presentadas sobre o censo.

4.- O sorteo público dos membros das **mesas electorais** será realizado, perante a Xunta Electoral, o día 15 de novembro de 2021, ás 12:20 horas, nas dependencias deste centro. Serán constituídas no mesmo día das votacións, con quince minutos de antelación ao inicio das mesmas.

No caso dos **pais/nais/representantes legais**, a mesa estará formada polo/a director/a, que actuará como presidente/a e CATRO pais/nais/representantes legais entre os que non se presenten como candidatos/as, actuando como secretario o de menor idade. No caso do **alumnado**, a mesa estará formada polo/a director/a, que actuará como presidente/a e DOUS alumnos/as. No sorteo designaranse suplentes. En ambos casos, actuará como secretario/a o membro elixido de menor idade e a Xunta deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

No caso do **persoal de administración e servizos**, a mesa estará formada polo/a director/a, que actuará como presidente/a, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.

No caso do **profesorado**, a mesa estará formada polo/a director/a, que actuará como presidente/a e os/as profesores/as de maior e menor idade, actuando este/a último/a de secretario/a.

5.- Nas votacións de representantes de pais/nais/titores legais poderán actuar como supervisores/as o alumnado e os pais/nais/representantes legais que, figurando no censo, sexan propostos pola ANPA (no caso dos responsables) ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores do seu sector.

6.- Nesta renovación procede elixir TRES representantes de pais/nais/representantes legais (un proposto pola ANPA), CATRO representantes do alumnado, SEIS representantes do profesorado e UN/UNHA representante do persoal de administración e servizos. Cada elector fará constar na papeleta, de entre os candidatos do seu sector, o número normativamente establecido. No caso dos pais/nais/representantes legais corresponde facer constar DOUS candidatos/as. No caso do alumnado corresponde facer constar TRES



candidatos/as. No caso do profesorado corresponde seleccionar CINCO candidatos. No caso do persoal de administración e servizos corresponde seleccionar UN/UNHA candidato/a.

No caso do sector de pais, nais ou representantes legais, no momento de depositar o seu voto, deberán presentar, ante o/a Presidente da mesa electoral, o seu DNI en vigor ou outro documento que acredite suficientemente a súa identidade.

7.- A campaña electoral comprenderá desde o día 18 ao 21 de novembro, ámbalas dúas datas inclusive. As dependencias e servizos do centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao/á Presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro. A véspera das votacións non se poderá facer ningún tipo de campaña electoral.

8.-Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase a acta para o seu envío a Xunta Electoral do Centro.

9.-A Xunta Electoral do centro resolverá calquera dúbida, consulta ou reclamación que puidera xurdir. Contra as resolucións da Xunta poderase reclamar perante a Xefatura Territorial de Educación segundo establece a Resolución da convocatoria.

Ferrol, 4 de novembro de 2021

**O/a Presidente/a da Xunta Electoral**